

AUGAS DE GALICIA

Resolución do 20 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por Augas de Galicia no último cuadrimestre de 2009.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xullo) dispón que os organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia deberán publicar cuadrimestralmente no *Diario Oficial de Galicia* os convenios de colaboración asinados no cuadrimestre anterior.

Polo exposto, e en virtude das facultades que teño concedidas,

RESOLVO:

Facer pública a relación de convenios subscritos polo organismo autónomo Augas de Galicia nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do 2009, e que se xuntan como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2010.

Ethel María Vázquez Mourelle
Presidenta de Augas de Galicia

ANEXO

Convenio	Sinatura
Convenio de colaboración entre o Concello de Abegondo, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Consellería do Medio Rural e Emalcsa para a posta en marcha do proxecto Agua-Plan Project: xestión integrada dos recursos hídricos e a súa aplicación no plan local L.L.C. Abegondo-Cecebre.	16-9-2009
Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Xunqueira de Espadanedo para a execución das obras de mellora do abastecemento dos núcleos de Marcelle e Ramil.	1-10-2009
Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Sober para a execución das obras de acondicionamento e mellora da E.T.A.P. de Sober.	1-10-2009
Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o concello Pereiro de Aguiar para a mellora do abastecemento de varios núcleos neste concello.	1-10-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, o Concello de Barreiros e Xestur Lugo para a execución das obras da EDAR da Espiñeira.	1-10-2009
Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Miño para a execución da actuación de saneamento integral do concello, 2ª fase.	2-10-2009
Addenda ao convenio de colaboración entre a antiga Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Sarria para o acondicionamento do tramo urbano da estrada LU-636 rúa Calvo Sotelo.	14-10-2009
Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Crecente para a execución dunha nova captación de mananciais.	26-10-2009
Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Mos para a execución das obras de mellora da rede de abastecemento ao Concello de Mos.	13-11-2009
Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora da depuración e vertedura da Coruña: EDAR de Bens.	16-12-2009

Convenio	Sinatura
Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora da depuración e vertedura da Coruña: emisario submarino de Bens.	16-12-2009
Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora da depuración e vertedura de Ferrol: emisario submarino do cabo Prioriño.	16-12-2009
Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora do saneamento de Lugo: colectores xerais río Miño, tramo N-VI EDAR e colectores xerais, tramo N-VI.	16-12-2009
Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora do saneamento de Lugo: ampliación da estación depuradora de augas residuais.	16-12-2009
Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora da depuración e vertedura de Ferrol: EDAR cabo Prioriño.	17-12-2009
Addenda ao convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela.	17-12-2009

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 29 de xaneiro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2010 polo Consello Reitor, de conformidade co artigo 6.2º da Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo.

RESOLVO:

Convocar os cursos de formación continua correspondente ao primeiro semestre do ano 2010 cuxas bases, características e contido son detallados nos anexos desta resolución.

Disposición adicional

Única.-Os cursos de linguaxe administrativa galega (nivel medio e superior) que aparecen reflectidos no Plan de Formación Continua publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 20, do luns, 1 de febreiro de 2010, estes foron convocados por Resolución do 5 de xaneiro de 2010 (DOG nº 5, do luns, 11 de xaneiro).

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I

Bases

Primeira.-*Requisitos dos participantes.*

Poderán participar nas accións formativas convocada por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada un dos casos no anexo II. Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, sempre que non desempeñen postos na Administración xeral, que disporá das súas propias e exclusivas convocatorias.

O persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello Consultivo e doutras entidades e organismos públicos, poderán acceder ás accións formativas a través dos oportunos convenios que se subscriban para este efecto, de conformidade coa resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 7, do 10 de xaneiro).

Toda persoa solicitante que, ao inicio do curso, se atope en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado.

Non se poderá participar en accións formativas nas que xa se participou en anteriores convocatorias nos últimos tres anos.

Segunda.-Acceso ás actividades, datas e lugares de realización.

Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos e as preferencias exixidas para cada curso no anexo II. A participación nos cursos que teñan lugar en horario de traballo quedará condicionada á autorización das persoas responsables dos centros directivos.

Os cursos realizaranse coa duración e condicións que para cada un deles se indican no anexo II. A información será actualizada e ampliada na páxina web da EGAP, <<http://egap.xunta.es>>.

Esta convocatoria estrutúrase en accións formativas de carácter xeral e específicas, referidas todas elas ás seguintes áreas: dirección e xerencia pública, economía e finanzas, recursos humanos, recursos materiais e tecnolóxicos, procesos de traballo, normativa e organización autonómica, específicas do sector competencial, idioma, coñecementos transversais e outros. As accións formativas de carácter xeral teñen por obxecto ofrecer un currículo básico horizontal que capacite os empregados públicos para realizar funcións e tarefas en calquera posto de traballo ao longo da súa carreira profesional. Correspóndese con funcións, coñecementos e habilidades que son xenéricas e

constitúen as bases da organización e o funcionamento da Administración. As accións formativas específicas comprenden o conxunto de actividades formativas cuxo obxectivo está directamente relacionado coa adaptación permanente ao posto de traballo que se desempeña e que inclúen contidos basicamente sectoriais que afectan competencias específicas.

Terceira.-*Solicitudes.*

a) O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da EGAP <<http://egap.xunta.es>>, non sendo admisibles outros modelos de solicitude. Faise recomendable facilitar conta de correo electrónico e teléfono móbil para enviar mensaxes aos candidatos.

b) A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso durante o prazo dun ano, computado desde o momento en que se detecte o feito.

c) Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan cubertos correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo do alumnado, non se axusten ao formulario de solicitude oficialmente establecidas no punto anterior ou sexan presentadas fóra de prazo.

d) As persoas solicitantes de cursos de teleformación deberán dispor dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

-Ordenador con conexión á internet.

-Calquera navegador web co *plugin de flash*.

-Conta de correo electrónico especificada na solicitude.

e) As solicitudes cubertas adecuadamente de acordo coa base 4ª entenderanse presentados na EGAP no enderezo da internet <http://egap.xunta.es/matrícula> unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

f) No caso de que os interesados necesiten presentar documentación complementaria que acredite circunstancias específicas de acordo cos criterios de selección, poderán remitir á EGAP unha copia do formulario de matrícula e a devandita documentación por fax ao número 981 54 63 39 ou correo electrónico ao enderezo <autonomico.egap@xunta.es>, sempre coa maior celeridade posible para que poida ser tida en conta na selección, sen prexuízo do dereito á presentación, de acordo co disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

g) Deberá utilizarse exclusivamente unha das modalidades de remisión. No caso de encontrárense varias solicitudes dunha mesma persoa, só serán

considerados os datos achegados a través da internet.

h) O prazo de presentación de solicitudes rematará o 12 de febreiro de 2010.

i) O número máximo de cursos en que se pode solicitar participar nesta convocatoria límitase a cinco.

j) Non está permitida a realización de cursos que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais das actividades. Cando un alumno teña coñecemento de que foi seleccionado a un curso que teña coincidencia horaria con outro ao que xa foi seleccionado debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade a realización simultánea de varias actividades, non se expedirá certificación de ningunha delas, e o alumno non poderá participar noutros cursos durante o prazo dun ano desde que se detecte este feito.

k) Os formularios poderán ser obtidos e cubertos ata as 14.00 horas da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

l) En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información poderán dirixirse á EGAP a través do número de teléfono 981 54 63 40, ou fax 981 54 63 39 ou enderezo de correo electrónico <matricula.egap@xunta.es>, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación de solicitudes.

Cuarta.-*Criterios de selección.*

a) Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 7, do 10 de xaneiro) e, de ser o caso, os criterios específicos que se establezan para cada acción formativa sinalados no anexo II.

Para os efectos do previsto no punto segundo, parágrafo 4º da citada resolución, o baremo que se empregará para a selección establece sobre unha base de 100 puntos, dos que o 80% estará vencellado ao número de horas de formación recibidas nos dous últimos anos e o 20% restante a antigüidade na Administración, de acordo coa fórmula que se vaia empregar que se publicará na páxina web da EGAP.

De haber empate, desfarase de acordo co resultado do sorteo ao que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo.

b) Nos cursos que teñan varias edicións, terá preferencia na selección efectuada para cada unha das localidades programadas o persoal que teña o seu posto de traballo nelas.

c) A EGAP poderá solicitar en calquera momento nos centros directivos dos cales dependan os solicitantes un informe acreditativo da adecuación do per-

fil do solicitante ao contido do curso nas accións formativas específicas.

d) Así mesmo, poderá ser solicitado o asesoramento dos profesores na materia dos cursos cando sexa conveniente para unha mellor selección e a homoxeneización do grupo de alumnos, para o que poderán ser establecidas probas previas de nivel.

e) No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos nalgún curso, poderá completarse o número de alumnos asignados a eles mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP, con suficiente antelación para que teña lugar unha adecuada selección das novas persoas candidatas.

Quinta.-*Publicación das relacións do persoal seleccionado.*

a) A EGAP publicará no taboleiro de anuncios da páxina web da EGAP <http://egap.xunta.es> unha relación provisional das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas. Ademais, para unha maior difusión serán informados da súa selección a través do correo electrónico e mensaxaría telefónica a quen facilite os seus datos na solicitude. As persoas que non figuren na relación non foron seleccionadas polo que ocupan un posto máis afastado na lista de reservas, ou ben foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria, todo isto de acordo co disposto no artigo 59.6º b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) A EGAP solicitará, se é o caso, ao centro directivo no que está adscrito a persoa preseleccionada ou á xefatura de persoal da entidade correspondente a documentación acreditativa da veracidade dos datos contidos na solicitude, así como a certificación de que a materia do curso ten relación co posto de traballo.

c) O persoal preseleccionado só poderá renunciar ao curso por causa de forza maior suficientemente xustificada, necesidade do servizo ou outras causas xustificadas sempre que así se acrediten documentalmente pola persoa responsable do departamento administrativo en que desenvolva o seu labor ou a través dun documento que acredite o feito alegado. A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP, cunha antelación de 3 días hábiles anteriores ao inicio do curso co fin de cubrir a vacante. A renuncia non xustificada ou non acreditada documentalmente a causa que a produce, suporá a exclusión do seleccionado nas convocatorias do ano seguinte, de acordo co disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola cal se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da Escola Galega de Administración Pública.

d) A EGAP publicará no taboleiro de anuncios da páxina web da EGAP <http://egap.xunta.es> a listaxe

definitiva de admitidos ao curso. A persoa seleccionada deberá comunicarlle á persoa responsable do seu centro directivo a selección na actividade en caso de coincidir co horario de traballo, pois neste suposto deberá contar coa súa autorización, que terá que presentarlle ao comezo do curso ao responsable da actividade formativa ou á EGAP. Por necesidades do servizo ou causas debidamente motivadas poderá negarse a asistencia ao curso, circunstancia que debe ser comunicada á EGAP.

e) Non serán admitidos, en ningún caso, cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

Sexta.-Asistencia aos cursos.

a) Durante a celebración das actividades formativas levarase un control permanente de asistencias a través dos sistemas que se establezan para o efecto e, así mesmo, constarán como incidencia as ausencias dentro de cada sesión. Isto implica que o persoal que participe nos cursos terá que anotar a hora de chegada ou saída, no caso de facelo durante a duración oficial do curso, para poder acreditar o tempo que faltou. De non facelo así e realizarse un control de asistencia extraordinario, perderá o dereito a recibir o certificado.

b) É obrigatoria a asistencia con puntualidade a todas as sesións dos cursos. Unicamente poderá autorizarse a ausencia por causas xustificadas, que se acreditará documentalmente ante o servizo competente da EGAP ou a persoa responsable do curso nun prazo máximo de 10 días despois de que este finalice e que, en ningún caso, poderá superar o 15% das horas lectivas. A ausencia aínda que xustificada superior ao 15% do total das horas lectivas suporá a perda do dereito á expedición do diploma.

c) A falta de asistencia dun número de horas superior ao 15 % das horas lectivas sen xustificación ou a falta de acreditación documental da causa alegada determinará non só a perda do dereito ao certificado acreditativo da participación no curso senón que os participantes poderán ser excluídos das convocatorias das actividades formativas da EGAP durante o prazo dun ano contado desde a finalización do curso.

Sétima.-Certificados.

a) Outorgaráselle o correspondente certificado de asistencia ao alumnado que participe con regularidade e dedicación no desenvolvemento dos cursos. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polo alumnado, a EGAP poderá fixar a realización das probas que considere oportunas.

b) Outorgaráselle certificado de aproveitamento ao alumnado dos cursos que así o regulen na convocatoria e requirirá como mínimo cumprir control de asistencia establecido na actividade, desenvolvemento, avaliación da aprendizaxe mediante diferentes instrumentos, segundo a actividade e superación do sistema de avaliación axeitado a cada actividade do cal se terá coñecemento antes do comezo da acti-

vidade formativa. En caso de non superar as probas, tampouco se facilitará certificado de asistencia.

c) Para poder superar os cursos de teleformación é necesario cumprir unha serie de requisitos obrigatorios na súa totalidade:

-Asistencia á sesión presencial de apertura, se a houber.

-Adecuada realización das actividades que o titor ou a titora propoña. Estas deben constar como aprobadas nos prazos que estipulen as titorías.

-Lectura detallada dos contidos do curso. Cada curso ten uns contidos teóricos que deben ser revistos na plataforma. En cada curso estimarase un tempo mínimo que será comunicado polas titorías ao seu inicio.

O alumnado deberá superar unha proba final, de carácter presencial, que terá lugar nas dependencias da EGAP. Para poder obter o diploma é necesario obter un aprobado nesa proba e cumprir os demais requisitos con anterioridade.

d) Para que quede coñecemento e constancia no seu expediente, as persoas participantes nos cursos terán que facilitarlles unha copia das certificacións recibidas aos servizos de persoal do centro directivo ao cal estean adscritos.

Oitava.-Facultades da EGAP.

a) A EGAP resolverá aquelas incidencias que se poidan producir no desenvolvemento e a xestión dos cursos, e pode suprimir algún, ampliar novas edicións da programación ou programar outros cursos diferentes cando así veña exixido por circunstancias que lle afecten a súa organización ou docencia. Así mesmo corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

b) A execución material das accións queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e a autorización correspondente do gasto.

c) No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP resérvase o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

d) A EGAP poderá modificar o desenvolvemento e os contidos dos cursos, as datas e os lugares, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir.

Código	Denominación	Tipo	Prazas	Horas	Destinatarios	Localidade	Datas	Horario
-Área de coñecementos transversais								
FC10056	Aplicación en Galicia da normativa de responsabilidade ambiental.	Xeral	40	30	Persoal técnico da Administración da Xunta de Galicia con funcións relacionadas coa materia.	Santiago de Compostela	3, 10, 17, 24 de marzo, 8 de abril	9.00-13.00 h, 15.00-19.00 h, 16.00-20.00 h
FC10057	Cambio climático e desenvolvemento sustentable.	Específico	25	16	Está destinado principalmente a funcionarios dos grupos A1 e A2 de todas as consellerías que participan no Programa marco galego do cambio climático 2010-2020 e destinados nos servizos centrais.	Santiago de Compostela	Maio	16.00-20.00 h
FC10067	Tratamento e xestión de residuos.	Xeral	40	36	Persoal técnico da Administración da Xunta de Galicia con funcións relacionadas coa xestión de residuos.	Santiago de Compostela	15, 22, 29 de abril; 6, 12, 20, 27 de maio	Mañá e tarde
FC10087	Xestión de proxectos.	Xeral	20	48	Persoal da Administración da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	24 de maio-11 de xuño	Tarde
FC10094	O procedemento e as autorizacións administrativas. Novidades introducidas polo dereito comunitario: a directiva de servizos.	Xeral	20	24	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan nos procedementos de outorgamento de autorizacións, licenzas, altas e baixas en censos profesionais, ou que informen ao público sobre trámites con eles relacionados.	Santiago de Compostela	1-11 de marzo	
FC10094	O procedemento e as autorizacións administrativas. Novidades introducidas polo dereito comunitario: a directiva de servizos.	Xeral	20	24	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan nos procedementos de outorgamento de autorizacións, licenzas, altas e baixas en censos profesionais, ou que informen ao público sobre trámites con eles relacionados.	Santiago de Compostela	15-25 de marzo	17.00-20.00 h
FC10094	O procedemento e as autorizacións administrativas. Novidades introducidas polo dereito comunitario: a directiva de servizos.	Xeral	20	24	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan nos procedementos de outorgamento de autorizacións, licenzas, altas e baixas en censos profesionais, ou que informen ao público sobre trámites con eles relacionados.	A Coruña	8-18 de novembro	17.00-20.00 h
FC10094	O procedemento e as autorizacións administrativas. Novidades introducidas polo dereito comunitario: a directiva de servizos.	Xeral	20	24	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan nos procedementos de outorgamento de autorizacións, licenzas, altas e baixas en censos profesionais, ou que informen ao público sobre trámites con eles relacionados.	Lugo	14-24 de xuño	17.00-20.00 h
FC10094	O procedemento e as autorizacións administrativas. Novidades introducidas polo dereito comunitario: a directiva de servizos.	Xeral	20	24	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan nos procedementos de outorgamento de autorizacións, licenzas, altas e baixas en censos profesionais, ou que informen ao público sobre trámites con eles relacionados.	Ourense	26 de abril-6 de maio	17.00-20.00 h
FC10094	O procedemento e as autorizacións administrativas. Novidades introducidas polo dereito comunitario: a directiva de servizos.	Xeral	20	24	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan nos procedementos de outorgamento de autorizacións, licenzas, altas e baixas en censos profesionais, ou que informen ao público sobre trámites con eles relacionados.	Pontevedra	12-22 de abril	17.00-20.00 h
FC10094	O procedemento e as autorizacións administrativas. Novidades introducidas polo dereito comunitario: a directiva de servizos.	Xeral	20	24	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan nos procedementos de outorgamento de autorizacións, licenzas, altas e baixas en censos profesionais, ou que informen ao público sobre trámites con eles relacionados.	Vigo	27 de setembro-7 de outubro	17.00-20.00 h
FC10123	Atención telefónica ao cidadán.	Xeral	20	15	Persoal dos grupos D, E, IV e V da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U. e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Santiago de Compostela	8, 9, 10, 15, 16 de marzo	17.00-20.00 h
FC10123	Atención telefónica ao cidadán.	Xeral	20	15	Persoal dos grupos D, E, IV e V da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U. e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	A Coruña	22, 23, 24, 29, 30 de marzo	17.00-20.00 h
FC10123	Atención telefónica ao cidadán.	Xeral	20	15	Persoal dos grupos D, E, IV e V da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U. e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Pontevedra	12, 13, 14, 19, 20 de abril	17.00-20.00 h
FC10123	Atención telefónica ao cidadán.	Xeral	20	15	Persoal dos grupos D, E, IV e V da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U. e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Ourense	21, 22, 26, 27, 28 de abril	17.00-20.00 h
FC10123	Atención telefónica ao cidadán.	Xeral	20	15	Persoal dos grupos D, E, IV e V da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U. e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Lugo	3, 4, 5, 10, 11 de maio	17.00-20.00 h
FC10123	Atención telefónica ao cidadán.	Xeral	20	15	Persoal dos grupos D, E, IV e V da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U. e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Ferrol	19, 20, 24, 25, 26 de maio	17.00-20.00 h
FC10130	O procedemento administrativo de concesión de axudas e subvencións. Perspectiva europea.	Xeral	25	30	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan na preparación das bases, instrución ou en calquera outra fase de concesión de subvencións na que incida a antedita normativa.	Santiago de Compostela	13-28 de outubro	17.00-20.00 h
FC10130	O procedemento administrativo de concesión de axudas e subvencións. Perspectiva europea.	Xeral	25	30	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan na preparación das bases, instrución ou en calquera outra fase de concesión de subvencións na que incida a antedita normativa.	Ourense	13-28 de setembro	17.00-20.00 h
FC10130	O procedemento administrativo de concesión de axudas e subvencións. Perspectiva europea.	Xeral	25	30	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan na preparación das bases, instrución ou en calquera outra fase de concesión de subvencións na que incida a antedita normativa.	Pontevedra	24 de maio- 8 de xuño	17.00-20.00 h
FC10130	O procedemento administrativo de concesión de axudas e subvencións. Perspectiva europea.	Xeral	25	30	Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que interveñan na preparación das bases, instrución ou en calquera outra fase de concesión de subvencións na que incida a antedita normativa.	Vigo	3-19 de maio	17.00-20.00 h
FC10153	Prevenção de riscos laborais: centros de servizos sociais.	Xeral	25	15	Persoal da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais e o persoal dos centros de servizos sociais.	Santiago de Compostela	3, 4, 5 de marzo	9.00-14.00 h
FC10154	Prevenção de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U. e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	A Coruña	25, 26 de febreiro	8.30-14.30 h

Código	Denominación	Tipo	Prazas	Horas	Destinatarios	Localidade	Datas	Horario
FC10154	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U.e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	A Coruña	4, 5 de marzo	8.30-14.30 h
FC10154	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U.e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Ourense	11, 12 de marzo	8.30-14.30 h
FC10154	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U.e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Ourense	25, 26 de marzo	8.30-14.30 h
FC10154	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U.e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Vigo	8, 9 de abril	8.30-14.30 h
FC10154	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U.e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Pontevedra	15, 16 de abril	8.30-14.30 h
FC10154	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U.e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Lugo	22, 23 de abril	8.30-14.30 h
FC10154	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U.e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Lugo	29, 30 de abril	8.30-14.30 h
FC10154	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U.e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Santiago de Compostela	6, 7 de maio	8.30-14.30 h
FC10154	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.	Xeral	25	12	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, excepto persoal docente da Consellería de Educación e O.U.e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.	Santiago de Compostela	20, 21 de maio	8.30-14.30 h
-Área de dirección e xerencia pública								
FC10012	A incorporación da perspectiva de xénero no deseño, execución, seguimento e avaliación de proxectos.	Xeral	20	21	Persoal da Administración da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	Maio	16.30-19.30 h
FC10013	Igualdade de xénero. Perspectiva xurídica.	Xeral	20	21	Persoal da Administración da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	Xuño	16.30-19.30 h
FC10014	Medidas de protección da imaxe pública da muller nos medios de comunicación e publicidade.	Xeral	20	21	Persoal da Administración da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	Abril	16.30-19.30 h
FC10066	Planificación territorial e sustentabilidade.	Xeral	20	20	Persoal ao servizo da Administración autonómica do grupo A1, corpos especiais e xerais, e grupo A2, de corpos especiais das consellerías de: Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas, Economía e Industria, Medio Rural e do Mar, con funcións xestoras e de promoción de actividades realizadas no territorio.	Santiago de Compostela	3, 4, 5 de maio	10.00-20.00 h e 16.00-20.00 h
FC10076	Áreas de proceso de ITIL e ferramentas de xestión dos procesos.	Especifico	20	20	Personal funcionario da escala técnica auxiliar de informática (grupo C), escala de xestión de sistemas de informática (grupo B), escala de sistemas e tecnoloxías da información (grupo A), persoal laboral técnico especialista en informática (grupo III, categoría 91), técnico superior diplomado en informática (grupo II, categoría 27) e persoal licenciado informático (grupo I, categoría 18) da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	3-7 de maio	Tarde
FC10093	Curso de xestión por indicadores e cadros de mando.	Xeral	15	12	Directivos da Xunta de Galicia, organismos autónomos (preferencia directores, subdirectores, xefes servizo).	Santiago de Compostela	7-10 de xuño	4.30-7.30 h
FC10093	Curso de xestión por indicadores e cadros de mando.	Xeral	15	12	Directivos da Xunta de Galicia, Organismos autonomos (preferencia directores, subdirectores, xefes servizo).	Santiago de Compostela	27-30 de outubro	4.30-7.30 h, día 30 10.00-13.00 h
FC10105	Principios de dirección de equipos de traballo.	Xeral	20	30	Letrados da Xunta, xefes de servizo, xefes de negociado, xefes de sección, da Administración xeral e especial da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	19 de maio-3 de xuño	16.30-19.00 h
FC10106	Procedemento de responsabilidade disciplinaria dos funcionarios públicos.	Xeral	20	21	Preferentemente, funcionarios dos grupos A e B da admn da Xunta de Galicia, sen prexuízo de que a materia, polo seu ámbito de aplicación, poida ser de interese para todos aqueles funcionarios que presten servizos en Administración ou institucións de Galicia.	Santiago de Compostela	3, 13 de maio	16.30-19.30 h
FC10109	Curso de metadatos para a xestión de documentos electrónicos.	Xeral	30	25	Persoal técnico de arquivos e museos con programas de documentos electrónicos.	Santiago de Compostela	Marzo	9.00-14.00 h e 16.00-19.00 h
FC10110	Curso de dixitalización e creación de repositorios dixitais.	Xeral	30	40	Técnicos de arquivos e museos da Administración autonómica.	Santiago	14, 15, 16, 17, 21, 22 de xuño	10.00-14.00 h e 16.00-19.00 h
FC10114	Defectos do procedemento administrativo e o seu reflexo na xurisdición contencioso-administrativa.	Xeral	20	21	Grupos A e B da Administración da comunidade autónoma e os seus organismos autónomos e entes de dereito público dependentes.	Santiago de Compostela	12-21 de abril	17.00-20.00 h
FC10115	Dereito sancionador e control xurisdiccional da potestade sancionadora da Administración.	Xeral	20	21	Grupos A e B da Administración da comunidade autónoma e os seus organismos autónomos e entes de dereito público dependentes que sexan licenciados en dereito.	Santiago de Compostela	3-12 de mayo	17.00-20.00 h
FC10116	Distribución de competencias no Estado autonómico.	Xeral	20	21	Grupos A e B da Administración da comunidade autónoma e os seus organismos autónomos e entes de dereito público dependentes que sexan licenciados en dereito.	Santiago de Compostela	24 de maio-2 de xuño	17.00-20.00 h
FC10136	Lingua alemá.	Xeral	50	50	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, agás o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, sempre que non desempeñe postos na Administración xeral.	Teleformación 2	1º semestre	Teleformación
FC10136	Lingua alemá.	Xeral	50	50	Persoal da Administración da Xunta de Galicia, agás o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, sempre que non desempeñe postos na Administración xeral.	Teleformación 1	1º semestre	Teleformación
FC10148	Curso de formación para desenvolvemento de cartas de servizos.	Xeral	20	30	Subdirectores xerais, xefes de servizo, xefes de sección e persoal da Xunta de Galicia dos grupos A, B e C que sexan ou poidan ser membros de equipos de traballo para desenvolvemento de proxectos de cartas de servizos.	Santiago de Compostela	20-28 de abril	16.00-20.30 h
-Área de economía e finanzas								
FC10010	Prestación de servizos públicos e a súa financiación.	Xeral	30	30	Todo o persoal da Administración da Xunta de Galicia que realice tarefas relacionadas coa aplicación de taxas e/ou prezos.	Santiago de Compostela	Abril-maio	16.00-20.00 h

Código	Denominación	Tipo	Prazas	Horas	Destinatarios	Localidade	Datas	Horario
FC10011	Curso práctico de fiscalización e xestión contable.	Xeral	20	30	Funcionarios/as grupos A, B, C e laborais I, II, III.	Santiago de Compostela	Marzo	16.00-19.30 h
FC10011	Curso práctico de fiscalización e xestión contable.	Xeral	20	30	Funcionarios/as grupos A, B, C e laborais I, II, III.	Santiago de Compostela	Maio	16.00-19.30 h
FC10017	XUMCO2. Entrada de documentos, gastos e pagamentos.	Específico	15	10	Empregados da Administración xeral ou dos organismos autónomos da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	8-11 de marzo	17.00-19.30 h
FC10018	Xumco 2. Cuestionarios de entes, sociedades e fundacións.	Específico	15	5	Empregados da Administración xeral, dos organismos autónomos, dos entes, sociedades ou fundacións da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	Xuño-xullo de 2010	17.00-19.30 h
FC10018	Xumco 2. Cuestionarios de entes, sociedades e fundacións.	Específico	15	5	Empregados da Administración xeral, dos organismos autónomos, dos entes, sociedades ou fundacións da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	Xullo	17.00-19.30 h
FC10019	Xeito ALIS (axuda ás liquidacións do imposto de sucesións).	Específico	15	12	Usuarios da aplicación de Xeito.	A Coruña	13-15 de outubro	16.30-20.30 h
FC10019	Xeito ALIS (axuda ás liquidacións do imposto de sucesións).	Específico	15	12	Usuarios da aplicación de Xeito.	Vigo	9-11 de novembro	16.30-20.30 h
-Área específica do sector competencial								
FC10005	O coidado do alumnado con necesidades derivadas de deficiencias sensoriais.	Específico	20	20	Persoal que ocupe postos de educadores/as ou auxiliares coidadores/as da Consellería de Educación e O.U.	Lugo	21-25 de xuño	16.30-20.30 h
FC10006	O coidado do alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento no contorno educativo.	Específico	20	20	Persoal que ocupe postos de educadores/as ou auxiliares coidadores/as da Consellería de Educación e O.U.	Pontevedra	28 de xuño-2 de xullo	9.30-13.30 h
FC10007	O contorno de traballo nas secretarías nos centros docentes públicos.	Específico	20	20	Persoal que ocupe postos de administrativo ou auxiliar administrativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	A Coruña	3-7 de maio	16.30-20.30 h
FC10015	Violencia de xénero.	Xeral	20	21	Persoal da Administración da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	Marzo	16.30-19.30 h
FC10022	Asesoramento científico-técnico ao marisqueo: recollida de mostras e análise de datos.	Específico	12	30	Persoal da Administración da Xunta de Galicia con destino na Consellería do Mar, preferentemente investigadores ou técnicos que traballen en relación coa explotación sustentable dos recursos mariños vivos, e persoal doutras consellerías que desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso.	Santiago de Compostela	8-12 de marzo	9.00-15.00 h
FC10023	Introdución ás técnicas cromatográficas.	Específico	20	30	Persoal técnico e de apoio á investigación dos centros de investigación e formación da Consellería do Mar: Cima, Intecmar, Igafa.	Cima, Vilanova de Arousa, Pontevedra	12-16 de marzo	9.00-15.00 h
FC10034	Actualización aplicacións informáticas sanidade animal 2010.	Específico	40	12	Veterinarios oficiais de sanidade animal.	A Coruña	Marzo	9.00-15.00 h
FC10034	Actualización aplicacións informáticas sanidade animal 2010.	Específico	40	12	Veterinarios oficiais de sanidade animal.	Lugo	Marzo	9.00-15.00 h
FC10034	Actualización aplicacións informáticas sanidade animal 2010.	Específico	40	12	Veterinarios oficiais de sanidade animal.	Ourense	Marzo	9.00-15.00 h
FC10034	Actualización aplicacións informáticas sanidade animal 2010.	Específico	40	12	Veterinarios oficiais de sanidade animal.	Pontevedra	Marzo	9.00-15.00 h
FC10034	Actualización aplicacións informáticas sanidade animal 2010.	Específico	40	12	Veterinarios oficiais de sanidade animal.	Santiago de Compostela	Abril	9.00-15.00 h
FC10034	Actualización aplicacións informáticas sanidade animal 2010.	Específico	40	12	Veterinarios oficiais de sanidade animal.	Lugo	Abril	9.00-15.00 h
FC10034	Actualización aplicacións informáticas sanidade animal 2010.	Específico	40	12	Veterinarios oficiais de sanidade animal.	Ourense	Abril	9.00-15.00 h
FC10034	Actualización aplicacións informáticas sanidade animal 2010.	Específico	40	12	Veterinarios oficiais de sanidade animal.	Pontevedra	Abril	9.00-15.00 h
FC10036	Denominacións de calidade en Galicia. Estado actual.	Xeral	22	30	Persoal funcionario dos grupos A e B e persoal laboral do Ingacal.	Santiago de Compostela	Marzo-abril	9.30-14.30 h
FC10036	Denominacións de calidade en Galicia. Estado actual.	Xeral	22	30	Persoal funcionario dos grupos A e B e persoal laboral do Ingacal.	Santiago de Compostela	Maio-xuño	9.30-14.30 h
FC10037	O control das medidas Feader.	Xeral	30	16	Persoal da Consellaría do Medio Rural e do Fogga.	Santiago de Compostela	3-4 de marzo	9.00-14.00 e 16.00-20.00 h
FC10037	O control das medidas Feader.	Xeral	30	16	Persoal da Consellaría do Medio Rural e do Fogga.	Lugo	10-11 de marzo	9.00-14.00 e 16.00-20.00 h
FC10037	O control das medidas Feader.	Xeral	30	16	Persoal da Consellaría do Medio Rural e do Fogga.	Ourense	17, 18 de marzo	9.00-14.00 e 16.00-20.00 h
FC10037	O control das medidas Feader.	Xeral	30	16	Persoal da Consellaría do Medio Rural e do Fogga.	Pontevedra	24, 25 de marzo	9.00-14.00 e 16.00-20.00 h
FC10038	O organismo pagador Fogga Galicia: certificación anual da conta dos fondos agrarios europeos e perspectiva comparada.	Específico	45	16	Persoal do Fogga e da Consellaría do Medio Rural que participe nas fases de autorización e control e execución e contabilización dos pagamentos das medidas Feaga e Feader.	Santiago de Compostela	24, 25 de febreiro	9.00-14.00 e 16.00-19.00 h
FC10040	Protocolo de actuación para a prevención da contaminación en augas fluviais.	Específico	25	20	O persoal de inspección e vixilancia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.	Santiago de Compostela	8-12 de marzo de 2009	9.00 ás 14.30 h
FC10042	Técnicas de medición GPS aplicadas ao control dimensional de superficies.	Específico	15	20	Personal técnico da Administración autonómica que no desenvolvemento das súas tarefas teña que proceder ao control de superficies.	Santiago de Compostela	Abril-maio	16.00-20.00 h
FC10042	Técnicas de medición GPS aplicadas ao control dimensional de superficies.	Específico	15	20	Personal técnico de la Administración Autonómica que no desenvolvemento das súas tarefas teña que proceder ao control de superficies.	Santiago de Compostela	Outubro-novembro	16.00-20.00 h
FC10043	Xestión fondos Feader.	Específico	30	20	Persoal da Consellaría do Medio Rural.	A Coruña	Maio	10.00-14.00 e 17.00-20.00 h
FC10043	Xestión fondos Feader.	Específico	30	20	Persoal da Consellaría do Medio Rural.	Pontevedra	Maio	10.00-14.00 e 17.00-20.00 h
FC10043	Xestión fondos Feader.	Específico	30	20	Persoal da Consellaría do Medio Rural.	Lugo	Abril	10.00-14.00 e 17.00-20.00 h

Código	Denominación	Tipo	Prazas	Horas	Destinatarios	Localidade	Datas	Horario
FC10043	Xestión fondos Feader.	Específico	30	20	Persoal da Consellería do Medio Rural.	Ourense	Abril	10.00-14.00 e 17.00-20.00 h
FC10043	Xestión fondos Feader.	Específico	30	20	Persoal da Consellería do Medio Rural.	Santiago de Compostela	Abril	10.00-14.00 e 17.00-20.00 h
FC10044	Curso de especialización en extinción de incendios forestais. Grandes lumes incendios en interface urbana forestal.	Xeral	20	32	Persoal que realice as funcións de xefe de garda ou técnico de garda nos centros de coordinación central, provincial ou de distrito da Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural.	Santiago de Compostela	23 de febreiro-30 de novembro	9.00-14.00 h
FC10047	Detección de necesidades formativas.	Xeral	20	20	Funcionarios dos grupos A1, A2, C1 e C2 e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	1, 2, 3, 4, 5 de marzo	8.00-12.00 h
FC10049	O estatuto do traballo autónomo e o rexistro de asociacións profesionais de traballadores autónomos.	Específico	20	15	Persoal funcionario e laboral da Administración autonómica, preferentemente encargado da xestión dos programas de incentivos ao autoemprego e responsables do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos.	Santiago de Compostela	12-19 de abril	17.00-20.00 h
FC10051	Políticas de inserción e reinserción laboral.	Específico	25	30	Persoal funcionario e laboral da Administración autonómica, preferentemente destinados en unidades relacionadas coa xestión das políticas de inserción e reinserción laboral para o fomento do emprego postas en marcha pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego.	Santiago de Compostela	16-30 de xuño	17.00-20.00 h
FC10051	Políticas de inserción e reinserción laboral.	Específico	25	30	Persoal funcionario e laboral da Administración autonómica, preferentemente destinados en unidades relacionadas coa xestión das políticas de inserción e reinserción laboral para o fomento do emprego postas en marcha pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego.	A Coruña	31-15 de xuño	17.00-20.00 h
FC10051	Políticas de inserción e reinserción laboral.	Específico	25	30	Persoal funcionario e laboral da Administración autonómica, preferentemente destinados en unidades relacionadas coa xestión das políticas de inserción e reinserción laboral para o fomento do emprego postas en marcha pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego.	Vigo	24 de maio-8 de xuño	17.00-20.00 h
FC10053	Estudo dos programas de inclusión socio-laboral da comunidade autónoma no marco da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.	Xeral	20	20	Persoal da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	1, 2, 3, 8 de marzo	10.00-14.00 e 16.00-19.00 h
FC10053	Estudo dos programas de inclusión socio-laboral da comunidade autónoma no marco da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.	Xeral	20	20	Persoal da Xunta de Galicia.	A Coruña	15, 17, 22 de marzo	10.00-14.00 e 16.00-19.00
FC10053	Estudo dos programas de inclusión socio-laboral da comunidade autónoma no marco da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.	Xeral	20	20	Persoal da Xunta de Galicia.	Vigo	12, 14, 19 de abril	10.00-14.00 e 16.00-19.00 h
FC10055	Negociación e resolución de conflitos.	Específico	20	20	Persoal directivo e técnico que traballe en centros de titularidade da Xunta de Galicia.	Santiago de Compostela	19, 20, 21 de maio	10.00-14.00 e 16.00-20.00 h., día 21 10.00-14.00 h
FC10060	Curso superior de vixilancia de obras, explotación e conservación.-1.	Específico	25	30	Persoal laboral e estatutario (corpo de camiñeiros do Estado) dependente dos servizos provinciais de Infraestruturas desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.	A Coruña	Maio	17.00-20.00 h
FC10060	Curso superior de vixilancia de obras, explotación e conservación.-1.	Específico	25	30	Persoal laboral e estatutario (corpo de camiñeiros do Estado) dependente dos servizos provinciais de Infraestruturas desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.	Lugo	Xuño	17.00-20.00 h
FC10061	Introdución á vixilancia de obras, conservación e explotación.	Específico	30	30	Persoal laboral e estatutario (corpo de camiñeiros do Estado) dependente dos Servizos Provinciais de Infraestruturas desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.	Santiago de Compostela	Xuño	17.00-20.00 h
FC10062	Introdución ao sistema de información do transporte metropolitano (SITME).	Específico	20	25	Persoal dos grupos A1, A2, C1 e C2 e I, II, III, IV da Xunta de Galicia, especialmente persoal da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.	Santiago de Compostela	24 de maio-3 de xuño	16.30-20.30 h
